



RESOLUCIÓN POLA QUE SE AUTORIZA A MODIFICACIÓN DA FICHA I DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEDERACIÓN GALEGA DE MOTOCICLISMO, PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA PARA O ANO 2020.

Interesado: Federación Galega de Motociclismo

Antecedentes de Feito

Primeiro.- Na data do 16 de xaneiro de 2020 a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Motociclismo asinaron un convenio co obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración deportiva e económica entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Motociclismo.

Segundo.- Con este convenio a Secretaría Xeral para o Deporte colaborará cos gastos ocasionados con motivo da realización dos seus respectivos programas de promoción deportiva para a anualidade 2020, co fin de fomentar o deporte e a actividade física saudable no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, colaborando así no desenvolvemento do sistema deportivo galego tal e como queda reflectido, en termos de actividade e económicos, na ficha I, Reparto orzamentario por programa, do convenio. Non obstante, no apartado segundo da cláusula Primeira establécese que *“En todo caso, e non obstante esta concreción, sempre que o interese deportivo así o aconselle, poderá procederse, logo da solicitude motivada da federación e da autorización expresa e por escrito da Secretaría Xeral para o Deporte, á modificación dos termos da referida ficha I do presente convenio, modificación esta que, en ningún caso, poderá supor incremento da contía total establecida”*.

Terceiro.- Na data do 14 de marzo, a través do Real Decreto 463/2020, declárase o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Neste senso, entre outras, queda prohibida a actividade deportiva en xeral así como a apertura das





instalacións deportivas. Deste xeito a actividade prevista e planificada para o exercicio 2020 con relación ao programa deportivo da Federación vese alterado por razóns de forza maior.

Cuarto.- O 18 de maio de 2020 a Federación Galega de Motociclismo presenta un escrito, a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, no que solicita a modificación da Ficha I anexa ao convenio relativa ao reparto orzamentario dos distintos programas.

Quinto.- O 9 de novembro de 2020 a Federación Galega de Motociclismo solicita unha nova redistribución da Ficha I debido a que foron anulados, por mor das novas restricións establecidas pola Covid-19, os Campionatos previstos no programa 7 “Outros proxectos de especial relevancia”, por importe de 5.100,00 €, e pasar 3.100,00 € ao programa 4 “Actividade deportiva ordinaria” e 2.000,00 € ao programa 1 “Gastos xerais de funcionamento”.

Consideracións legais e técnicas

Primeiro.- A presente solicitude formúlase de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, así como supletoriamente a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e da cláusula primeira e novena do convenio de colaboración, corresponde á Secretaria Xeral para o Deporte resolver a solicitude formulada.

Segundo.- No relativo ás modificacións dos prazos e importes da xustificación, poderanse realizar de acordo co disposto no apartado a) da cláusula 6.1 do convenio asinado e ao artigo 54.2 do Real Decreto-ley 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.

Terceiro.- *No apartado segundo da cláusula Primeira establécese que “En todo caso, e non obstante esta concreción, sempre que o interese deportivo así o aconselle, poderá procederse, logo da solicitude motivada da federación e da autorización expresa e por escrito da Secretaría Xeral para o Deporte, á modificación dos termos da referida ficha I do presente convenio, modificación esta que, en ningún caso, poderá supor incremento da contía total establecida”.*

Cuarto.- Logo da solicitude motivada da federación, considérase de interese deportivo para o mellor desenvolvemento da súa actividade, polo que resulta necesario modificar a distribución





económica da Ficha I para facilitar a xustificación dos gastos asociados, non supoñendo dita modificación o incremento da contía total establecida.

Polo tanto e en base ao disposto na cláusula primeira do convenio, e de acordo co artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, esta Secretaría Xeral para o Deporte,

RESOLVO

Primeiro.- Autorizar a modificación da Ficha I anexa ao Convenio, que queda redactada tal e como segue:

REPARTO ORZAMENTARIO

PROGRAMAS	IMPORTE
1. Gastos xerais de funcionamento (máximo 60%)	37.000,00 €
2. Tecnificación e Rendemento no CGTD	0,00 €
3. Campionatos de España por Seleccións Autonómicas (CESA)	0,00 €
4. Actividade deportiva ordinaria	23.380,00 €
5. Tokio 2020	0,00 €
6. Actividade deportiva de promoción	0,00 €
Do deporte en idade escolar	0,00 €
Do xénero menos representado dentro da práctica deportiva da federación	0,00 €
Do deporte para deportistas discapacitados	0,00 €
7. Outros proxectos de especial relevancia	0,00 €
TOTAL	60.380,00 €

Solicita un 1º anticipo de: (ata un máximo do 100%)	60.380,00 €
--	--------------------

Cuarto.- A presente resolución notificarase á interesada, facéndolle saber que esgota a vía administrativa e que, contra a mesma, poderá interpoñerse, potestativamente o recurso de reposición perante a Secretaria Xeral para o Deporte, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou directamente recurso contencioso administrativo perante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de





XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Escola Galega de Administración Pública (EGAP)
Rúa Madrid 2-4, 2º andar
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 881 996 348 / 353 - Fax: 881 996 356
secretaria.deporte@xunta.es



dous meses a partir do día seguinte o da súa notificación, consonte ao disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro que estimen pertinente.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral para o Deporte

José Ramón Lete Lasa

